



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data vintecatro de maio de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<Decreto: 135 / 2012 Data decreto: 24/05/2012 Descrición decreto: Nomeamento de 3 xerocultores/ auxiliares de xeriatría para a Miniresidencia e Centro de Día

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Ante a necesidade de contratar novo persoal para a Miniresidencia e Centro de Día motivado polo incremento de usuarios, vista a creación da bolsa de traballo de persoal laboral temporal para a Miniresidencia e centro de Día de Boimorto e de acordo coas bases de convocatoria do Decreto 379/2011

Esta Acaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatría a Rosa María Vázquez Taboada con DNI 78782215Q, a Ana Belén Taboada Calvelo con DNI 44809870M e a María Yolanda Felpete Vilariño con DNI 78793955A.

Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación polas interesadas de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das función públicas.

- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.

- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.

- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto ás seleccionadas indicadas no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta dos traballadores na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 01/06/2012.

Boimorto, vintecatro de maio de dous mil doce

Perante min:

A Secretaria

O Alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez >>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 24 de maio de 2012

Vº Pr.
O Alcalde

Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

CONCELLO DE BOIMORTO REXISTRO XERAL	
25 MAI. 2012	
ENTRADA Núm. —	SAÍDA Núm. 1077